



CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE A APROBACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1.- Antecedentes:

Odenanza Xeral de subvencions da Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo de Pleno de 28 de febreiro de 2005.

2.- Obxectivos:

Coa iniciativa preténdese adaptar ao marco normativo existente os cambios normativos que experimentou a materia dende a data de aprobación da ordenanza actual, mediante a modulación dun novo texto que permita sistematizar e reorganizar aspectos regulatorios que se atopan dispersos buscando un texto estruturado que facilite a súa interpretación e recoller de forma expresa obrigas contidas na normativa que non se atopaban recollidas no texto anterior, adaptándoa ao disposto no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions e á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencions de Galicia

Tamén se pretende a adaptación ao disposto no art. 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire a obriga de relacionarse electrónicamente coa administración.

3.- Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

Dispoñer dun marco normativo que supere a obsolescencia do anterior.

Mellorar a calidade da regulación existente coa incorporación dunha estrutura que facilite a comprensión do texto.

4.- Posibles solucións alternativas regulatorias:

- Elaborar un novo regulamento de forma que se deseñe o sistema ex novo
- Realizar unha modificación parcial do regulamento en vigor, incorporando novos contidos e rectificando os existentes.

Código Seguro de Verificación	IV67YQIJPFRCKW624Y5UBYXUMM	Fecha y Hora	30/07/2020 11:03:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67YQIJPFRCKW624Y5UBYXUMM	Página	1/2





Das dúas opcións prantexadas cabe descartar a segunda, posto que os cambios necesarios afectan a numerosos artigos, e unha modificación parcial dificultaría a comprensión do texto e afectaría a súa uniformidade, polo que a opción máis acaída é a realización dun novo texto.

5.- Necesidade e oportunidade da aprobación:

É preciso avanzar e mellorar no texto existente, substituíndoo por un novo texto no que se axuste á regulamentación aos cambios acontecidos dende que se aprobou o mesmo.

En Lugo, asinado na data da sinatura dixital.

O PRESIDENTE,

Asdo.- José Tomé Roca

Código Seguro de Verificación	IV67YQIJPFRCKW624Y5UBYXUMM	Fecha y Hora	30/07/2020 11:03:17
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV67YQIJPFRCKW624Y5UBYXUMM	Página	2/2

